

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/23	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	12 de xullo de 2021
Duración	Dende as 12:20 ata as 13:09 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
Excusas de asistencia presentadas:		
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expte.- 1091/2021. Solicitud de declaración de caducidade da licenza concedida para a AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CEBO, no lugar de Transfontao (Silleda).

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2017, polo que se acorda a concesión da licenza municipal de obra maior a TRANSFONTAO, S.C. para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CEBO, no lugar de Transfontao (Silleda).

Consta emitido polo técnico municipal Cesar Pereiras Cambón, en data 20/05/2021 en relación a execución da obra denominada “ampliación de explotación avícola de cebo”, no lugar de Transfontao, Silleda, autorizada pola licenza concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 17/02/2017, a empresa Transfontao SC no que acredita que a obran non foi executada.

Consta Providencia de inicio de tramitación de data 07 de xuño de 2021.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data 10/06/2021, incoouse de oficio procedemento de caducidade da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda por acordo adoptado en sesión celebrada en data 17 de febreiro de 2017, para a AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CEBO, no lugar de Transfontao (Silleda) á empresa TRANSFONTAO, S.C, por non haber iniciado as obras no prazo de seis meses establecido no artigo 359 do RLSG, aplicable ao non constar o prazo máximo para o inicio das obras no acordo de concesión da licenza.

Concedida audiencia ao interesado con carácter previo á resolución do expediente mediante a posta a disposición na sede electrónica da notificación, e constando esta rexeitada, pódese entender por realizado o trámite.

En base ao exposto pola Secretaría no seu informe de data 50/2021, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, acorda:

Primeiro.- Declarala caducidade da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda por acordo adoptado en sesión celebrada en data 17/02/2017, para a AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CEBO, no lugar de Transfontao (Silleda) á empresa TRANSFONTAO, S.C, por non haber iniciado as obras no prazo de seis meses establecido no artigo 359 do RLSG, aplicable ao non constar o prazo máximo para o inicio das obras no acordo de concesión da licenza.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo aos efectos oportunos.

Expediente 742/2021. Subvenciones por Concurrencia Competitiva

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o acordo plenario da Corporación Municipal de Silleda de data 26 de abril de 2021 prestando aprobación ao expediente de modificación de crédito número 12/2021 de crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe de 60.675 euros, a fin de destinar este importe xunto con fondos da Deputación de Pontevedra (25.000 euros) correspondentes ao Plan Concellos 2021 (Liña 2) a axudas a establecementos da hostalería para paliar os efectos da COVID 19.

Visto que a Corporación Municipal aprobou por unanimidade as bases reguladoras que rexerán a concesión destas axudas.

Visto que o Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra publicou en data 9 de xuño as citadas bases.

Visto o informe de Intervención 036/2021 de data 21 de xuño

Visto que nas mesmas se establece que o prazo para formalizar as solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria das axudas no BOP

Visto que as solicitudes deben de presentarse mediante sede electrónica a través dun anexo específico para a convocatoria.

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria das axudas reguladoras ao sector da hostalería ante a crise da Covid-19, con cargo á partida orzamentaria 439-479 por importe 86.000, dos que 60.675,60 € corresponden á aportación municipal e 25.324,40 € á aportación da Deputación de Pontevedra. En caso de non ser suficiente este importe para satisfacer todas as solicitudes, poderá incrementarse o mesmo nun máximo de 14.000 euros adicionais de acordo co artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Esta ampliación non requirirá dunha nova convocatoria e estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

Os criterios de valoración se recollen nas bases publicadas no BOP de 9 de xuño de 2021

Segundo.-Aprobar o Anexo que as entidades ou persoas solicitantes deben de cumplimentar e que se acompaña a esta proposta

Terceiro .-Remitir ao BOP de Pontevedra a convocatoria, co correspondente código da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para proceder á súa publicación

ANEXO I

AXUDAS A ESTABLECEMENTOS DO SECTOR HOSTALEIRO PARALIZADOS POLA CRISE DA COVID-19 OUTORGADAS POLO CONCELLO DE SILLEDA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VIA	NÚM	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
PARROQUIA			LUGAR			

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TEÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	

(Datos da persoa solicitante cando pode ser unha persoa física ou xurídica)

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)					
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:					
TELÉFONO MÓBIL			CORREO ELECTRÓNICO		
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<ul style="list-style-type: none"> • Electrónica, a través do Sistema de notificación electrónica Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou eDNI. • Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente). 					
TIPO	NOME DA VIA	NÚM	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		

EXPÓN:

Que mediante este formulario desexa acollerse á liña de axudas para establecementos do sector hostaleiro, paralizados pola crise da COVID-19, reguladas nas bases da Convocatoria realizada polo Concello de Silleda con cargo a fondos municipais e da Deputación de Pontevedra e formula a oportuna **DECLARACIÓN RESPONSABLE:**

___ Que coñece e acepta íntegramente o contido das bases da convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.

___ Que perante a Seguridade Social figura dado/a de alta como autónomo/a nos epígrafes das actividades que recollen as bases da convocatoria.

___ Que dende a entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID 19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 16-BIS) procedeu ao peche temporal da súa actividade habitual no negocio do que é titular e /ou co titular, ou ben (no caso de establecementos destinados a aloxamento) se viu reducido o aforo e condicións por mor da citada orde autonómica.

___ Que a súa actividade se desenvolve dentro do termo municipal de Silleda.

___ Que se compromete a manter o seu establecemento aberto ao público por un mínimo de 2 meses dende a recepción das axudas reguladas nas bases.

___ Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.

___ Que se compromete a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social , a Administración Pública da Comunidade Autónoma e o Concello de Silleda unha vez lle sexa abonada a axuda concedida en aplicación das bases da convocatoria (para aqueles establecementos que non estén ao corrente).

En Silleda, á data da sinatura electrónica

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

Expediente 1037/2018. .PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (URBANISMO)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Asunto: Solicitud de licenza de primeira utilización das construcións destinadas a explotación de porcino nas parcelas de referencia catastral 36052A003000200000KP e 36052A003000190000KT, situadas en O Curro, Cira (expediente 1037/2018).

LEXISLACIÓN APLICABLE:

RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

ANTECEDENTES:

1º.- Vista a solicitude de licenza, presentada por Belén Montouto Casal, e.r. O SALGUEIRO, S.C., Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-1815 de data 17.abr.2018, para Explotación de porcino na parcela de referencia catastral 36052A003000200000KP e 36052A003000190000KT, situada O Curro, Cira (expediente 1037/2018) e tramitado o correspondente procedemento en data 11/10/2018 por Decreto de Alcaldía número 684 concedéselle licenza en base ao proxecto elaborado por Marcos Fuentes Sánchez, Enxeñeiro agrónomo colexiado G702.

Consta no expediente Declaración de Incidencia Ambiental en cumprimento do disposto no artigo 36 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º.- En data 21/03/2019 (RE 1130) pola interesada solicítase prórroga do prazo concedido para a execución das obras. Esta prórroga foi concedida por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión celebrada en data 15/05/2019.

3º.- En data 19/09/2019 a interesada presenta no rexistro municipal os seguintes documentos: - autorización de abastecemento -tratamento augas residuais - oficios designación dirección de obra.

4º.- En data 23/11/2020 (RE-1152) achégase ao expediente a seguinte documentación Autorización de representación. Comunicación de cambio nos oficios da Dirección Facultativa das Obras. Certificado Final de Obra visado.

5º. Revisada a documentación presentada o técnico municipal César Pereiras Cambón (en data 04/05/2021) emite informe no que advirte unha serie de deficiencias:

- Solicitude expresa de licenza de primeira utilización da explotación.
- Certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos da axeitada execución das acometidas das redes de subministración. (Neste caso, só da acometida eléctrica).
- Copia da vinculación da superficie exixible á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade imposta polo título habilitante de natureza urbanística no rexistro da propiedade.

6º.- En data 05/05/2021 remítise requirimento de emenda das deficiencias observadas no informe técnico. Cumprimentado polo interesado en data 20/06/2021 (RE 544/2021) .

7º.- Consta informe da técnica que colabora no departamento de urbanismo, en base a convenio de colaboración asinado co Concello de Vila de Cruces, de data 30/06/2021, no que se informa favorablemente a primeira utilización.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

As obras suxeitas a licenza urbanística son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

O apartado a) do punto segundo do artigo 142, establece que estarán suxeitos a licenza os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

O artigo 2 da LOE regula o seu ámbito de aplicación, entendendo que dentro de mesmo atópanse “c) Todas as demais edificacións cuxos usos non estean expresamente relacionados nos grupos

anteriores”.

O artigo 2.2, a) da LOE establece, que terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:

“a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha sola planta”.

En data 11/10/2018 por Decreto de Alcaldía número 684 concedéselle licenza para explotación porcina en base ao proxecto elaborado por Marcos Fuentes Sánchez, Enxeñeiro agrónomo colexiado G702.

Segundo o disposto no artigo 355 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

“3. As solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración”.

Consta no expediente a solicitude da licenza de primeira utilización xunto coa documentación requirida no Regulamento da Lei do Solo.

Así mesmo a técnica municipal emite informe favorable a concesión da presente licenza indicando que as obras se axustan ao proxecto obxecto da licenza:

“Polo tanto, realizada a visita e a oportuna comprobación das superficies construídas, pódese constatar que as construcións executadas corresponden coa licenza outorgada con data 11 de outubro de 2018 mediante Decreto de alcaldía con certas modificacións en relación coa distribución interior das naves de porcino, a comunicación exterior das naves mediante rampa, así como a cota do terreo na execución da fosa de purín”.

“Polo tanto, dado que as modificacións realizadas son modificacións de pequena entidade que non afectan as condicións urbanísticas nin ao volume edificatorio, nin as condicións de seguridade nin ao seu impacto paisaxístico; enténdese que non se trata dunha modificación substancial e polo tanto non é preciso a modificación da licenza outorgada”.

SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE.

A actividade obxecto da presenta licenza someteuse a avaliación de incidencia ambiental con carácter previo a tramitación da licenza urbanística.

Unha vez executadas as obras e obtida a licenza de primeira utilización, deberase presentar no Concello segundo o establecido no artigo 364 do RLSG comunicación previa de inicio de actividade:

“Despois de finalizar a obra e obtida a licenza de primeira utilización da edificación, nos casos que sexa esixible, presentarase comunicación previa ou declaración responsable para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos, salvo disposición en contrario, que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente”.

Do mesmo xeito se pronuncia o artigo 24 e o artigo 33 Avaliación de incidencia ambiental da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia,

As actividades ás que non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo desta lei someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia o capítulo anterior.

Para estes efectos, obtida a declaración de incidencia ambiental ou a súa modificación substancial, presentarase a comunicación previa contemplada no artigo 24 da presente lei ante o concello respectivo, na que, ademais do previsto no citado artigo, achegarán a seguinte documentación:

- a) Copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico/a responsable.
- b) Declaración de incidencia ambiental.
- c) Certificación do/a técnico/a ou os/ as técnicos/as facultativos/ as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a comunicación previa relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de incidencia ambiental.

Polo exposto, e visto o informe da Secretaria da Corporación número 61 de data 06/07/2021 a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN a O SALGUEIRO, S.C. con CIF número J 94.171.170, para a explotación porcina sometida a avaliación de incidencia ambiental (expediente PO/2018/083), situada en O Curro, Cira (referencias catastrais 36052A003000200000KP e 36052A003000190000KT e coordenadas UTM 29 ETRS89), unha vez comprobado que as obras se axustan ao proxecto obxecto da licenza urbanística concedida en data 11/10/2018 por Decreto de Alcaldía número 684 en base ao proxecto elaborado por Marcos Fuentes Sánchez, Enxeñeiro agrónomo colexiado G702.

SEGUNDO.- Requirit ao interesado para que con carácter previo ao inicio da actividade presente no Concello a preceptiva comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 364 do RLSG e 24 da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da taxa por outorgamento da licenza de primeira ocupación de edificios por importe de 186,00 euros en virtude do establecido no seu artigo 5.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

Expediente 84/2019. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística

Favorable**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

Visto que en data 15 de febreiro de 2019 mediante Decreto de Alcaldía concedeuse licenza municipal da obra RBTS RUA CAMPO DE ARRIBA a executar en Rúa Campo De Arriba, Silleda.

VISTO que, en relación coa concesión de dita licencia e en cumprimento da esixencia contida no artigo 24.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, depositouse polo promotor fianza en garantía da reposición de elementos urbanísticos que puideran verse afectados durante a execución das obras de edificación por importe 1.170,00 euros.

VISTA a solicitude presentada polo promotor das obras con data 18/07/2019 de devolución de la fianza depositada.

VISTO que por los Servicios técnicos municipais emítese Informe de data 06/07/2021 no que se informa sobre o bo estado dos elementos urbanísticos, sendo favorable á devolución da fianza constituída en garantía.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na Resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Devolver a fianza depositada con data 20/02/2019 na Tesouraría desta Entidade Local Hidroeléctrica de Silleda, en concepto de promotora das obras de construción autorizadas en virtude de licenza urbanística outorgada por Decreto de Alcaldía de data 15/02/2019, en garantía de reposición de los elementos urbanísticos que puideran verse afectados durante a execución das obras, que ascende a 1.170,00 euros.

Segundo.- Comuníquese o presente acordo á Intervención e Tesouraría Municipal.

Terceiro.- Notifíquese o presente acto finalizador da vía administrativa aos interesados, con indicación del réxime de recursos que legalmente correspondan.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE